

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12626 *Real decreto 1006/2010, do 5 de agosto, polo que se regula o procedemento de concesión de axudas ás persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1960-1965.*

Este real decreto desenvolve a previsión efectuada pola Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, na súa disposición adicional quincuaxésimo sétima, en relación a aqueles e aquelas que durante o período 1960-1965 sufriron malformacións corporais durante o proceso de xestación como consecuencia da inxestión de talidomida pola nai xestante.

Preténdese responder á necesidade de recoñecemento e apoio solidario ás persoas afectadas pola substancia activa «talidomida» ao longo do período sinalado, segundo as diferentes situacións persoais que concorren en cada unha delas, e entroncar coa liña seguida pola maioría de países do noso contorno, onde se estableceron esquemas solidarios de axuda ás persoas afectadas.

Este real decreto dítase en virtude da facultade conferida ao Goberno no punto tres da disposición adicional quincuaxésimo sétima da citada Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Na elaboración desta disposición consultáronse os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Política Social e da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar o alcance, as condicións e o procedemento para o recoñecemento e aboamento de axudas ás persoas afectadas pola talidomida en España, durante o período 1960-1965.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

Terán dereito a percibir unha axuda, cuxa concesión se regula neste real decreto, exclusivamente e por unha soa vez, aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter sufrido malformacións corporais durante o proceso de xestación no período 1960-1965, cuxa orixe non se poida descartar que se producise pola inxesta de talidomida en España pola nai xestante.

2. Que o diagnóstico que acredita o disposto no punto anterior fose realizado polo Instituto de Saúde Carlos III, organismo autónomo dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación.

3. Para as persoas nadas no estranxeiro, a nai xestante deberá ter residido en España en calquera período comprendido entre 1960-1965. Así mesmo, a persoa solicitante non deberá ter recibido, no país en que se produciu o seu nacemento, unha axuda ou prestación con finalidade análoga á regulada neste real decreto.

Artigo 3. *Contía da axuda.*

O importe da axuda que se vai percibir será o que corresponda de acordo co seguinte cadro e co grao da discapacidade acreditada:

- a) Un único pagamento de 30.000 euros aos afectados cun grao de discapacidade do 33 por cento ata o 44 por cento.
- b) Un único pagamento de 60.000 euros aos afectados cun grao de discapacidade do 45 por cento ata o 64 por cento.
- c) Un único pagamento de 80.000 euros aos afectados cun grao de discapacidade do 65 por cento ata o 74 por cento.
- d) Un único pagamento de 100.000 euros aos afectados cun grao de discapacidade do 75 por cento ou superior.

Artigo 4. *Financiamento.*

As axudas que se recollan neste real decreto financiaranse con cargo ao crédito orzamentario consignado no orzamento de gastos do Instituto de Maiores e Servizos Sociais para o ano 2010 coa seguinte desagregación: 3591.4870.8. Non contributivo. «Axudas sociais aos afectados pola talidomida».

Artigo 5. *Solicitud e prazo de presentación.*

As solicitudes serán formularadas polas persoas interesadas ou, se é o caso, polos seus representantes legais, desde o día da entrada en vigor deste real decreto ata o día 30 de setembro de 2010, ambos inclusive, e dirixiranse á directora xeral do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero), formalizándose no modelo oficial que figura como anexo desta norma.

As solicitudes poderanse presentar no Rexistro do Imsero, avenida da Ilustración s/n, c/v a Xinzo de Limia, 58, 28029 Madrid, así como nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderán presentar as solicitudes a través dos rexistros electrónicos da Administración xeral do Estado.

Transcorrido o prazo de presentación previsto no primeiro parágrafo deste artigo, sen ter presentado solicitude, producirase a caducidade do dereito e a súa conseguinte extinción.

Artigo 6. *Documentación.*

As solicitudes xuntaránelles os seguintes documentos, orixinais ou en copia autenticada:

- a) Documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.
- b) Documento acreditativo da identidade da persoa que desempeña a representación legal, se é o caso.
- c) Acreditación da representación legal, se é o caso.
- d) Certificado de nacemento expedido polo rexistro civil competente, acreditativo de que a persoa solicitante naceu entre o 1 de xaneiro de 1960 e o 30 de setembro de 1966, ambas as datas inclusive.

e) Para as persoas nadas no estranxeiro:

1.º Documentación acreditativa de residencia da nai xestante en España en calquera período comprendido entre 1960-1965.

2.º Declaración xurada de non ter recibido, no país en que se produciu o nacemento, unha axuda ou prestación con finalidade análoga á regulada neste real decreto.

f) Resolución de recoñecemento do grao de discapacidade emitida polo Imsero ou polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma que recibise a transferencia

das funcións e servizos daquel ou, se é o caso, solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade.

g) Informe de diagnóstico emitido polo Instituto de Saúde Carlos III, organismo autónomo dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, acreditativo do requisito establecido no artigo 2.1 deste real decreto.

h) Certificación bancaria ou calquera outro documento que acredite a titularidade e o código bancario da conta corrente que se consigne na solicitude para o cobramento da axuda.

Respecto da documentación requirida nas letras a), b), d) e f), a presentación da solicitude leva consigo a autorización ao Imserso para que a solicite de forma directa, salvo que a persoa interesada non prestase o seu consentimento; neste caso deberá achegar orixinal ou copia autenticada do documento correspondente.

Artigo 7. *Instrución.*

1. Recibida a solicitude, xunto coa restante documentación requirida, a Dirección Xeral do Imserso realizará de oficio as actuacións que estime pertinentes para a comprobación dos feitos ou datos alegados.

Para tal efecto, co fin de esclarecer a natureza e o alcance da discapacidade da persoa afectada, poderanse solicitar, así mesmo, os antecedentes, datos ou informes que puidesen constar nos servizos sanitarios correspondentes, así como noutros rexistros onde puidese ter quedado constancia destes, sempre con pleno sometemento á normativa que regula os datos de carácter persoal.

2. Se a solicitude estivese incompleta por non xuntar a documentación a que se refire o artigo anterior ou non reunise os requisitos exixidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, requirirase a persoa solicitante, de acordo co establecido no artigo 71.1 da citada lei, para que nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo de notificación da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

Artigo 8. *Valoración da discapacidade.*

Para a cualificación do grao de discapacidade será preceptiva e vinculante a resolución de recoñecemento do grao de discapacidade emitida polo Imserso ou polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma que recibise a transferencia das funcións e servizos daquel.

No suposto de que se solicitase resolución de recoñecemento do grao de discapacidade e se atrase a súa achega por causas alleas á persoa solicitante ou, se é o caso, aos seus representantes legais, permitirase a iniciación do procedemento coa solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade efectuada ante o órgano competente. Neste caso, procederase á suspensión do procedemento, de acordo co previsto no artigo 42.5.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, durante o tempo necesario para a incorporación ao expediente da resolución que poña fin ao procedemento para a declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Artigo 9. *Resolución.*

1. A directora xeral do Imserso ditará a correspondente resolución, que deberá ser notificada á persoa interesada, no prazo máximo de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente.

2. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a resolución, a persoa interesada poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, nos termos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A resolución poñerá fin á vía administrativa, e poderase interpoñer contra ela recurso potestativo de reposición ante a directora xeral do Imserso no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben poderá ser impugnada

directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Artigo 10. *Pagamento da axuda.*

O pagamento será realizado pola Dirección Xeral do Imsero, mediante transferencia á conta corrente ou libreta ordinaria aberta a nome da persoa beneficiaria, consignada na súa solicitude.

Artigo 11. *Compatibilidade da axuda.*

A percepción desta axuda será compatible con calquera pensión pública a que a persoa beneficiaria tiver dereito.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Dereito supletorio.*

No non previsto neste real decreto aplicaranse supletoriamente as previsións que, en materia de procedemento administrativo, regula a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílanse os titulares dos ministerios de Sanidade e Política Social e da Presidencia para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de agosto de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ



ANEXO

Espazo reservado para Rexistro

Nº Exp. /2010

SOLICITUDE DE AXUDA

ás persoas afectadas pola talidomida

1	PERSOA SOLICITANTE														
	DNI-NIE-pasaporte	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	D. Nacemento / /	Sexo									
	Domicilio habitual			Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta							
	Código postal	Localidade	Provincia	País	Nacionalidade										
Teléfono/s		Fax		Correo electrónico											
2	REPRESENTANTE LEGAL														
	DNI-NIE-pasaporte	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	D. Nacemento / /	Sexo									
	Actúa en nome da persoa solicitante como: <input type="checkbox"/> Representante legal <input type="checkbox"/> Outros (indíquese)														
	Domicilio habitual			Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta							
	Código postal	Localidade	Provincia	País	Nacionalidade										
Teléfono/s		Fax		Correo electrónico											
3	DATOS RELATIVOS AO GRAO DE DISCAPACIDADE														
	Administración ou organismo emisor do certificado do grao de discapacidade														
4	DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS (Cúbrase só no caso de que desexe que se practique en lugar distinto ao citado no punto 1)														
	Domicilio			Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta							
	Código postal	Localidade	Provincia	País											
5	DATOS PARA O COBRAMENTO DA AXUDA														
	Entidade bancaria	Sucursal	D.C.	Número de conta											
<table border="1"> <tr> <td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td> </tr> </table>															

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que son certos e comprobables os datos que consigno nesta solicitude.

AUTORIZO a verificación e cotexo dos datos persoais incluídos na solicitude ou que constan no expediente e a súa cesión a outros organismos ou entidades de carácter público ou privado que exerzan competencias en materia de saúde, así como a consulta para a verificación de datos de identidade, de nacemento e do grao de discapacidade. (Se non prestase o seu consentimento deberá xuntar copia autenticada do documento correspondente).

Así mesmo, presto o meu consentimento para que a Dirección Xeral do Imserso solicite os antecedentes, datos ou informes que puidesen constar nos servizos sanitarios correspondentes.

SOLICITO, mediante a sinatura desta solicitude, que se dea curso a esta petición.

LUGAR, DATA E SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE
ou do seu representante debidamente acreditado

DIRECTORA XERAL DO INSTITUTO DE MAIORES E SERVIZOS SOCIAIS (IMSERSO).
SECRETARÍA XERAL

R/ Xinzo de Limia, nº 58 - 28029.- MADRID

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: os datos persoais que vostede achegou serán tratados informaticamente e ten o dereito ao seu acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA NA TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE

(Orixinais e/ou fotocopias compulsadas ou autenticadas. A compulsu ou autenticación poderá efectuarse ao presentar coa solicitude, os orixinais dos documentos.)

- Documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.
- Documento acreditativo da identidade da persoa que teña a representación legal, se é o caso.
- Acreditación, se é o caso, da representación legal.
- Certificado de nacemento expedido polo rexistro civil competente, acreditativo de que a persoa solicitante naceu entre o 1 de xaneiro de 1960 e o 30 de setembro de 1966, ambas as datas incluídas.
- Para as persoas nadas no estranxeiro, documentación acreditativa de residencia da nai xestante en España en calquera período comprendido entre 1960-1965.
- Para as persoas nadas no estranxeiro, declaración xurada de non ter recibido, no país no que se produciu o nacemento, unha axuda ou prestación coa finalidade análoga á regulada neste real decreto.
- Resolución de recoñecemento do grao de discapacidade emitida polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais ou polo órgano correspondente da respectiva comunidade autónoma.
- Se é o caso, solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade.
- Documento acreditativo de diagnóstico, emitido polo Instituto de Saúde Carlos III, organismo autónomo dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, relativo ao cumprimento do establecido no artigo 2.1 deste real decreto.
- Certificación bancaria ou calquera outro documento que acredite os datos do punto h) do artigo 6.